

## **UNHA APOSTA POLA CREATIVIDADE: UN “ESPAZO ALTERNATIVO” NO NOSO CONGRESO**

Laura Lodeiro  
Juanjo Lorenzo  
Universidade de Santiago de Compostela

Os pasados días 14, 15 e 16 de abril de 2010 celebrouse en Santiago de Compostela o II Congreso Galego de Investigación en Ciencias da Educación. Este evento, xurdido das motivacións dun grupo de alumnos de Posgrao da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e o correspondente Equipo Decanal, centra a súa temática no quefacer investigador dentro do campo educativo. Ademais de acadar un espazo de encontro entre os profesionais das Ciencias da Educación, a organización mesma do evento implicou ás tres facultades galegas nun traballo conxunto.

A finalidade desta segunda edición foi darlle continuidade á creación, dous anos atrás, dun espazo aberto ao intercambio e á discusión de experiencias e investigacións realizadas na súa meirande parte polo alumnado de Posgrao dos diferentes eidos das Ciencias da Educación e, particularmente, das Universidades galegas. Contando cunha elevada participación –na que houbo unha boa resposta de fóra de Galicia tamén-, o congreso posibilitou a posta en común do traballo en temática educativa, supoñendo unha proposta de acción que, cunha desexable continuidade, cumpre co obxectivo de compartir un traballo moitas veces disperso.

Quixemos, ademais, facer unha proposta cunha clara pretensión de motivar a creatividade e a orixinalidade dos investigadores e investigadoras no campo educativo á hora de facer chegar unha mensaxe específica; así, xunto ás modalidades de presentación de comunicacións ás que a meirande parte de nós estamos afeitos –comunicacións orais e pósteres-, engadimos a posibilidade de que algúns traballos se puidesen presentar de forma alternativa. Estabamos a abrir o abano a moitas opcións suxeitas ao enxeño dos investigadores noveis que inscribían os seus traballos no que demos en chamar “espazo alternativo”.

Deste xeito, as persoas que optasen por esta modalidade terían non só a posibilidade de seleccionar o contido da súa comunicación, senón tamén a de facerlle chegar ao público o seu contido a través da representación que considerase máis axustada aos obxectivos que perseguise. Pretendíase, polo tanto, transcender a finalidade informativa para darlle cabida a posibilidades máis apelativas, catárticas e incisivas. Tratábase, en suma, de comunicacións convencionais que pasaban polo mesmo sistema de revisión e selección por parte dun Comité Científico que todas as demais, o único cambio introducido afectaba á forma de presentación durante o congreso que debería ser innovadora, pensando tanto no que querían comunicar como no que querían provocar.

Por outra banda, e grazas á colaboración da revista *Innovación Educativa* e a *Revista Galega de Educación*, estes traballos pasaban a formar parte dun concurso no que o xurado —composto por membros das dúas revistas e unha representación do Comité Organizador do Congreso— valoraba cada achega en función de criterios relativos tanto ao propio texto e a presentación por separado como ao nivel de correspondencia que se producía entre ambos, é dicir, en que medida a presentación facía chegar ao público as ideas clave recollidas na propia comunicación. Os autores dos traballos gañadores terían a posibilidade de escribir dous artigos derivados da súa comunicación no congreso que serían publicados en cada unha das revistas.

Finalmente, foron sete as comunicacións presentadas nesta modalidade e participantes no concurso. Os tres artigos que aparecen a continuación derívanse dos traballos.

Na presentación da comunicación da que deriva o primeiro dos artigos —*Investigación en educación: perfil e actitudes dos alumnos/as de Mestrado*— as autoras “xogaron aos detectives” “interrogando” aos congresistas durante as pausas e descansos para logo aproveitar as “pegadas” e “pistas” localizadas durante o Congreso como fío condutor dunha cómica representación que arrincou as gargalladas de máis dun e se axustaba perfectamente ao contexto do que falaban.

As comunicacións das que parten o segundo e terceiro artigo desta sección -*A xestión dos recursos comunitarios: cultura tradicional e desenvolvemento rural* e *El funcionamiento interno de los equipos docentes*, respectivamente- foron presentadas de forma conxunta polos seus autores a pesar de tratarse de dúas temáticas que inicialmente poderían semellar dispares.

Non obstante, foi precisamente esa diferenza contextual da temática -unha no rural e outra no campo da docencia universitaria- a que lles permitiu desenvolver a primeira parte da súa presentación: unha regueifa na que en realidade cada un deles estaba a facer unha presentación xeral do traballo do compañeiro por medio de verbas que o “ridiculizasen”. Para a segunda parte, esta vez deixando atrás as diferenzas entre os seus traballos e centrándose nas semellanzas de fondo, outorgáronlle o protagonismo aos asistentes deixándoos literalmente pechados na sala con todas as pistas necesarias para que puidesen, colaborativamente, atopar a chave simbólica que abriría a porta como se dun simple “ábrete sésamo” se tratase. O tempo que tardasen en logralo dependería da súa capacidade para compartir esforzos e tomar a iniciativa.

En xeral dende a organización do congreso valoramos positivamente esta experiencia, namentres que os asistentes afirmaban que o “espazo alternativo” lles resultou divertido e interesante á vez que os mantivo expectantes preguntándose como sería o próximo. Sen embargo, somos conscientes de que temos que facer un esforzo maior para mellorar este espazo que, desexamos, se mantéña nas seguintes edicións do Congreso Galego de Investigación en Ciencias da Educación.